

EGAP:

CONVOCATORIA FORMACIÓN CONTINUA 2º SEMESTRE 2022 ADMINISTRACIÓN XERAL E ENTES INSTRUMENTAIS

Santiago de Compostela 23/06/2022

Publicada hoxe a [resolución do 15 de xuño de 2022 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.](#)

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos dos/das participantes:

- O persoal empregado público:
 - Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Entidades públicas instrumentais enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010,
 - Administración institucional
- En:
 - Situación de servizo activo ou servizos especiais que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II
- Está exceptuado:
 - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
 - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

Desenvolvemento das actividades de formación

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes e prazos

- **Prazo de solicitudes: 10 días a partir do seguinte ao da publicación en DOG.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo : <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as **8.00 horas** da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 23.55 horas** da **data de finalización**.
- **Número máximo de cursos** que se poden solicitar: **3.**